

A TEMÁTICA XACOBEA EN FILGUEIRA VALVERDE

Xosé Carro Otero
Real Academia de Medicina de Galicia
Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento
Instituto de Estudos Jacobeos

Resumo: O ilustre “polígrafo” galego Xosé Fernando Filgueira Valverde cultivou, entre outras temáticas, o interesante e complexo “fenómeno xacobeo”, é dicir, as plurais manifestacións suscitadas polo culto europeo, incluso universal, ás reliquias mortais do Apóstolo Santiago o Maior, cuxo sepulcro determinou a construción da Catedral e da cidade que, por tal motivo, levan o seu nome. A dita actividade realizada sobre todo nos seus aspectos histórico, histórico-artístico, etnográfico e litúrxico quedou expresada en gran número de conferencias; comunicacións a congresos; artigos en múltiples publicacións; exposicións e diversos libros, que compilan boa parte das manifestacións precedentes. Deles destacamos os seguintes: *Santiago de Compostela* (1932); *El Libro de Santiago* (1989); *La Catedral de Santiago. El Tesoro* (1960); *Viaje a Galicia de Urrabieta Vierge* (1969); *Historias de Compostela* (1970); *Compostela, camino y estela* (1993) e *Arredor do libro. Artigos de Bibliofilia* (1996).

Abstract: The illustrious Galician polymath Xosé Fernando Filgueira Valverde studied, among other interesting themes, the complex “jacobean phenomenon”, that is to say, those plural demonstrations raised by the European cult –even universal– to the mortal relics of St. James the Greater, whose tomb determined the construction of the Cathedral and the city that, for this reason, bear his name.

His research activities centred especially upon the historical, artistic, ethnographic and liturgical aspects of the saint’s cult, and were expressed through many lectures, conference papers, articles in multiple publications, exhibitions and various books that compiled much of his previous writings. Among his works we can single out the following titles: *Santiago de Compostela* (1932); *El Libro de Santiago* (1989); *La Catedral de Santiago. El Tesoro* (1960); *Viaje a Galicia de Urrabieta Vierge* (1969); *Historias de Compostela* (1970); *Compostela, camino y estela* (1993) and *Arredor do libro. Artigos de Bibliofilia* (1996).

Palabras chave: Xosé Filgueira Valverde, obra xacobeá.

Key words: Xosé Filgueira Valverde, studies on the Cult of St. James the Greater.

1.

D. Xosé Fernando Filgueira Valverde é recoñecido, sen dúbida ningunha, como un “polígrafo humanista galego” xa que, na súa cuantiosa produción científica, se expresou, tanto en forma oral (conferencias, relatorios ou comunicacións a congresos), como escrita (artigos en periódicos, revistas, folletos, catálogos, libros etc.) e non só en literatura, a súa principal actividade como profesor, senón noutros moitos aspectos das ciencias humanísticas: arqueoloxía-prehistoria; historia; historia da arte; etnografía; biblioloxía; heráldica e incluso música.

Traballador infatigable, deixou unha obra inxente, se ben boa parte dela é repetitiva no sentido de que asuntos obxecto dunha conferencia vían logo a luz publicados nun periódico e logo reaparecían formando parte dun ou varios libros onde se reproducían e ordenaban en formas diversas. A isto debemos engadir que D. Xosé Fernando foi sempre moi coidadoso, exemplo digno de imitación, en facilitar aos lectores o coñecemento da súa produción a través de numerosos e sempre actualizados “curricula” que podían encontrarse tanto nas *Memorias Anuales* do Museo de Pontevedra (capítulo de “Actividades del Presidente”) como en múltiples repertorios bibliográficos publicados noutros medios.

Resulta complicado, polas “repeticións” anteditas, cuantificar o total da obra, certamente moi numerosa, dentro da cal florece outra temática non citada arriba, a xacobeá, é dicir, todo aquilo que xorde arredor do culto universal ao Apóstolo Santiago, cuxa expresión máxima é a “peregrinación” e a “cidade-santuario”, meta dese culto, a monumental Compostela. Calculamos que, aproximadamente, Filgueira lle dedicou a tal cuestión un 20% do total da súa obra, que expresou maioritariamente en lingua española pola “europeicidade” da referida temática, pero tamén en lingua galega e algunhas expresións noutros idiomas.

Procede lembrar aquí dous intelectuais galegos que, antes de D. Xosé Fernando, cultivaron tamén, moi intensamente, o “xacobeo” e outros dous que fixeron o propio en forma coetánea co noso personaxe. Foron os primeiros Antonio Neira de Mosquera, autor do libro *Monografías de Santiago*, publicado en 1850, e Celestino Sánchez Rivera, quen sacou á luz, en 1948, as súas *Notas compostelanas* (ambos os libros son recompilacións de artigos saídos con anterioridade en periódicos). Como escritores coetáneos citamos a Xesús Carro García, moi especializado na temática de referencia, autor de 4 libros (entre os

cales figura o titulado *A pelengrinaxe ao Xacobe de Galicia*, editado en 1964) e 247 artigos aparecidos en periódicos e revistas; o outro foi Fermín Bouza-Brey Trillo, a quen se deben 47 artigos de varias publicacións, compilados por J. Carro Otero no ano 1993, *post mortem* do autor, no volume xustamente titulado *Artículos xacobeos e composteláns* de Bouza-Brey.

2. PRINCIPAIS TRABALLOS XACOBEOOS DE FILGUEIRA

Analizaremos exclusivamente os que quedaron na súa forma escrita ou gráfica e farémolo sucesivamente, clasificados segundo os seus formatos: libros, artigos, exposicións.

2.1. LIBROS

Polo seu maior interese e en orde de edición, referirémonos aos 9 seguintes:

1932. *Guía de Santiago de Compostela*, guía de 100 páxinas, publicada polo Patronato Nacional de Turismo. Ademais dun plano da cidade e varias fotografías, inclúe referencias aos “lugares xacobeos” de San Paio do Monte, no veciño Monte Pedroso (onde morou san Francisco cando veu en peregrinación a principios do s. XIII) e San Lourenzo de Trasouto (antigo convento franciscano transmutado en Pazo). Menciónanse, como excursións de interese a outros lugares de Galicia, as que se fan a Noia, Padrón, ao Pico Sacro, moi ligado ao relato da “Traslatio” a Galicia do corpo do Apóstolo Santiago¹, e aos mosteiros de Sobrado dos Monxes e Carboeiro.

1948. *El libro de Santiago* (reeditado pola Deputación da Coruña en 1989, completado coa adición de ilustracións de J. Sesto) no que se recompilan 96 artigos, de anterior publicación dispersa, ordenados en 9 grupos temáticos: “Jakobsland”; “El Apostol Santiago”; “De los signos jacobeos”; “Flor de peregrinos”; “Milagros de Santiago”; “Tradiciones compostelanas”; “Tres cosas hay en Santiago”; “Parábolas de la ciudad” e “Kalenda compostelana”².

1959. *El tesoro de la catedral compostelana*, vol. IX da colección Obradoiro (Bibliófilos Gallegos). Descríbense as pezas máis importantes do dito tesouro, moitas delas insignes relicarios, e os diversos espazos físicos que, no devir dos séculos, as albergaron, con indicacións sobre o seu culto por parte dos peregrinos e as vicisitudes que sufriron, ao extremo de que bastantes desapareceron por

1 Para o referente ao Pico Sacro e a translación do corpo do Apóstolo Santiago desde o porto de Jafa a Iria Flavia, en Galicia, ver Carro 2015.

2 En “Kalenda compostelana” menciónanse as principais festividadeas relixiosas e civís que se celebraban antigamente na cidade.

causas diversas, o que foi unha sensible perda das riquezas histórico-artísticas da Catedral³.

1969. *El Viaje a Galicia de Urrabieta Vierge*, vol. XI da colección Obradoiro. Dedicado a glosar a visita que fixo Daniel Urrabieta na década de 1880 na busca de materiais de texto e gráficos para uns artigos que, sobre as “Festas compostelás”, publicou na revista francesa *Le Monde Illustrée*. Son notables os seus debuxos-apunte que tomou para as ilustracións, entre os cales destaca a xente polas rúas, a Porta Santa e os seus peregrinos; a famosa Cruz dos farrapos, situada nos tellados da Catedral, onde os peregrinos se despoixaban das súas vellas roupas e poñían outras novas, obsequio do Cabido catedralicio etc⁴.

1970. *Historias de Compostela*, vol. XII da colección Biblioteca de Galicia, libro integrado por 17 artigos asociados en 4 grupos: “De la Compostela medieval”, “Señor Sant-Iago”, “La fiesta barroca” e “Varia lección”⁵.

1993. *Compostela, camino y estela*, publicado por Intercar e a Sociedade Anónima do Plan de Xestión do Xacobeo'93. Aquí ofrécense 66 artigos, bastantes dos cales se asocian, por temáticas, en 5 epígrafes: “Los caminos” (catro); “Flor de Peregrinos” (trece); “Los grandes milagros” (oito); “Entre la leyenda y la historia” (quince); “Rito y símbolo” (seis). Inclúese, ademais, un “Extracto bibliográfico” do autor, nas páxs. 233 a 238⁶.

-
- 3 Entre as moitas curiosidades relatadas no libro dúas son especialmente salientables: a misteriosa desaparición da cruz arxétea, de estilo prerrománico, que obsequiaron á Catedral o Rei D. Afonso III e a súa esposa Dna. Ximena, datada no ano 874, inequivocamente roubada en 1907, sen recuperación, e a doazón que fixo ao Apóstolo en 1434, terminado con vitoria o famoso torneo chamado “Paso Honroso”, o seu organizador o cabaleiro leonés D. Suero de Quiñones, quen entregou o “brazalete de prata e esmalte con perlas”, que lucira durante todo o tempo que durou a xusta. Pasado o tempo a dita xoia foi colocada, a modo de “gargantilla”, no colo do magnífico busto-relicario que alberga a cabeza de Santiago “o Menor” o Alfeo, onde pode verse.
 - 4 Entre as interesantes ilustracións gráficas realizadas por Urrabieta chama particularmente a atención aquela en que se representa o discorrer, polas naves da Catedral, dunha das solemnísimas procesións mitradas ou de “ante misam” que, levando unha reliquia insigne, plena da beleza dos ricos ornamentos, iniciada pola cruz alzada e ciriais, co Cabido e o Prelado, arroupada por músicas e cánticos, perfumada polo arder dos cirios e, sobre todo, incensada polo Botafumeiro, eran o mellor, estética e liturxicamente falando, das celebracións de 1ª ou de Pontifical, para pasmo estimulante de propios e estraños. Perderon tal grandeza, para pena dos que aínda as coñecemos así, a partir da década dos anos sesenta do século pasado.
 - 5 No bloque de artigos titulado “De la Compostela Medieval” interesa resaltar un dedicado a D. Diego Xelmírez, primeiro dos Arcebispos que tivo Santiago (antes só houbo Bispos), quen gobernou a diocese entre 1100 e 1140 e cuxa faceta de construtor foi incomparable, non só en Santiago, senón noutras partes de Galicia, e tanto en cantidade como en calidade. Ata fixo construír dous navíos de guerra para combater os piratas berberiscos, os cales foron os primeiros de guerra que houbo na Hispania cristiá!
 - 6 Neste libro trátanse moitos interesantes asuntos, dos que citamos, como particularmente relevantes, a peregrinación de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán dos Reis Católicos, quen veu no ano 1510 para agradecer ao Santo Apóstolo a súa constante protección nas numerosas batallas por el libradas ao servizo dos intereses dos Reis os seus Señores. Deixou entre outras cousas, como ofrenda, unha lámpada de prata que aínda se conserva no camarín desde o que se abraza a imaxe do Apóstolo que preside o altar maior.

1996. *Arredor do libro. Artigos de bibliofilia*, selección de 23 e introdución a eles realizada por José Daniel Buján Núñez. Entre tales artigos importa salientar 3 de contidos xacobeos: “Libros de la vieja Compostela”⁷, “A herexía dun impresor compostelán”⁸ e “As festas de San Pío V en Santiago no ano 1713”⁹.

2.2. ARTIGOS

Bastantes dos producidos por Filgueira¹⁰ tiveron expresión, previa ou posterior, en forma oral, como discursos, conferencias ou comunicacións a congresos-colóquios etc., para cuxo efecto cabe recordar que só entre 1923 e 1968 o noso autor pronunciou 518 conferencias, das cales 43, é dicir o 8,3 %, foron da materia que nos ocupa¹¹.

Logo xa, en forma escrita, os artigos viron a luz en todos os medios posibles: periódicos; revistas de carácter xeral; revistas especializadas, particularmente en *El Museo de Pontevedra*¹², *Cuadernos de Estudios Gallegos*¹³ e *Compostellanum*¹⁴; tamén en actas de congresos etc. Máis tarde, entre 1979 e 1994, moitos foron publicados ou voltos a publicar nunha serie de 8 volumes chamados *Adral* ou “libros de varia lección” (Edicións do Castro), cuxa aparición se verificaba cada dous anos

Noutros dous artigos trátase de senllos símbolos, moi importantes, ligados ao culto do Apóstolo: as “veneras” ou conchas, que os peregrinos compraban en Compostela para levalas ás súas casas como expresión de ter cumprido a súa viaxe sagrada, e a Porta Santa que, aberta na cabeceira da Catedral cara a 1521, permitía a entrada a esta desde a praza da Quintana só nos Anos Santos, privilexio que viña funcionando, sen Porta, desde o século XII.

- 7 Como “Libros de la vieja Compostela” refírese Filgueira aos que configuraron a exposición realizada polo Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento en 1948. Ver máis adiante, cando tratemos das Exposicións.
- 8 No artigo “A herexía dun impresor compostelán” analízase un texto poético do Mestre Jacques de Lyeur, escritor “quiñentista francés”, quen no seu poema “La fille Adam Pèlerine de Grâce” a describe en traxe de peregrina xacobita que chega a Compostela desde Asia e Normandía pasando por Roma e Xénova, percorrido que, en parte, fai por mar. Derivando de tal poema sospéitanse certas ideas heréticas contra a idea, entón moi xeneralizada xa, da Concepción Inmaculada de María, cuxo dogma aínda tardará en promulgarse.
- 9 As festas de San Pío V tiveron lugar con motivo de agradecer o celestial patrocinio á Armada cristiá que, capitaneada por D. Juan de Austria, venceu a Turca na Batalla de Lepanto, o ano 1571. Pío V tivo unha antevisión milagrosa da vitoria.
- 10 Imposible, polo seu elevado número, ofrecer aquí unha relación deles, para cuxo efecto aconsellamos que o lector interesado consulte algunha das biobibliografías de Filgueira Valverde xa publicadas.
- 11 Ata 1996 computamos 840 conferencias impartidas, pero sen a certeza de que non sexan máis.
- 12 Filgueira foi, durante a súa vida, moi eficaz primeiro director do importante Museo de Pontevedra, creado en 1927, cuxo órgano principal de expresión foi a revista desa denominación.
- 13 D. Xosé Fernando foi membro destacado do Instituto de Estudios Gallegos cuxo órgano principal de expresión era e é a prestixiosa revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, que empezou a publicarse en 1944.
- 14 *Compostellanum* é órgano do Centro de Estudios Xacobeos e, en tal revista, Filgueira inseriu moitas colaboracións, entre as que nomeamos agora dúas que viron a luz no vol. VI, números 2 e 3-4, respectivamente, de 1961, referentes a “María y los peregrinos de Santiago” e comentarios ao famoso milagre do “peregrino que, enganado polo Demo, mutilou os xenitais”.

e medio aproximadamente. Só nesta serie calculamos que hai uns 570 artigos de temáticas moi diversas¹⁵, todos escritos en galego.

2.3. EXPOSICIÓNS

No aspecto “xacobeo” que nos ocupa, D. Xosé Fernando participou, coorganizando e/ou escribindo os seus folletos-catálogos, nas seguintes 5 exposicións:

1943. *Azabaches compostelanos en el Museo de Pontevedra*, realizada na sede do propio Museo.

1948. *La imprenta compostelana. Libros y folletos hasta 1868*, 1ª exposición anual do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (C.S.I.C.), na súa sede de Santiago de Compostela. Referencias a 9 tipógrafos forasteiros ou de estancia transitoria en Compostela, entre 1483 e 1561, e a 48 impresores, con oficina estable na cidade, entre 1568 e 1864.

1949. *Grabados compostelanos. Iconografía del Apóstol; grabadores compostelanos; temas locales*, 2ª exposición anual, ídem precedente¹⁶. Nela mostráronse os entón xa ricos fondos de gravado que posuía o Museo de Pontevedra, dirixido polo propio Filgueira Valverde, clasificados en 3 seccións temáticas: “Iconografía de Santiago en el grabado”; “El grabado compostelano (siglos XVII-XVIII)” e “Autores de los ejemplos de grabado forastero sobre tema compostelano”.

1960. *La Venera*, 18ª exposición anual, ídem, ibíd.

1985. *Europalia 85* (Sección de España), celebrada en Gand (Bélxica), dedicada a *Santiago de Compostelle: 1000 ans de pèlerinage européen*¹⁷. No catálogo desta magna exposición Filgueira aparece como autor do seu capítulo XV, páxs. 183-194, dedicado a “La littérature sur le chemin du pèlerinage de Saint-Jacques de Compostelle, poésie et théâtre”, para o que o noso autor posuía, sen dúbida, a mellor competencia. Neste capítulo tratou os aspectos relevantes que, desde a historia xacobeá, tiveron expresións literarias a través de xograres e trobadores; recitados e teatro; descubrimento das reliquias do Apóstolo e ciclo carolinxo; Santiago, soldado de cristo e o tributo das cen doncelas; peregrinación das almas; milagres;

15 Só por expresar a variedade cuantitativa dos tomos de *Adral* indicamos, a modo de exemplo, que o seu volume I leva un “Limiar” e 100 artigos; o volume VI só 70 artigos e o VIII, último da serie, 46.

16 Na Iconografía do Apóstolo inclúense as tres formas de advocación que lle son propias: “sedente” en trono, cadeira curul etc.; “peregrino”, vestido coa indumentaria de viaxe utilizada polos seus peregrinos e “cabaleiro”, sobre cabalo branco, brandindo espada na destra e portando estandarte na sinistra (é a imaxe do *miles Christi* a partir da súa intervención milagrosa, a favor do exército cristián, na Batalla de Clavijo, que tivo lugar na localidade dese nome, en Logroño, o ano 844).

17 O catálogo de *Europalia 85 – España* é un magnífico volume de 495 páxinas que inician 16 artigos de fondo a cargo doutros tantos especialistas, un dos cales, o número 16, é obra de Filgueira, máis 634 “fichas técnicas” dos obxectos constitutivos da Exposición.

pastores e peregrinas; peregrinas aldraxadas; peregrinos ilustres; San Franco de Sena; Gaíferos de Mormaltán¹⁸; a Virxe e o Apóstolo.

3. A VIRXE E OS PEREGRINOS DE SANTIAGO

A proxección “Mariana” sobre o fenómeno peregrinatorio xacobeo, moi importante e con amplas resonancias literarias, foi moi do agrado de Filgueira por diversas razóns e, entre elas, pola gran devoción que a chamada “Virxe Peregrina” suscitou en Pontevedra, cidade natal de D. Xosé.

Para tal efecto lembraremos agora que, en 1961, e despois de presentalo como relatorio no Congreso Mariano celebrado daquela en Santiago, publicou na revista *Compostellanum* o traballo titulado “María y los peregrinos de Santiago”, onde analizou os aspectos máis notables da dita proxección: referencias á Virxe nas cancións dos peregrinos; veneración a María na Catedral de Santiago, na ex-Colexiata de Iria Flavia e noutros moitos santuarios dos camiños peregrinatorios xacobeos; a “Salve Regina”, oración debida ao prelado compostelán San Pedro de Mezonzo; María no Pórtico da Gloria; as *Cantigas de Santa María*, obra insigne do Rei Afonso X o Sabio; a Virxe Peregrina, é dicir, chamada así porque viste o atavío viaxeiro de quen fai a peregrinación, como se mostra nos santuarios dedicados a esta advocación sitos en Villasirga (Carrión de los Condes), Sahagún, Pontevedra e Santiago de Compostela, entre outros.

No seu arriba citado traballo publicado no catálogo da Exposición *Europalia* 85, D. Xosé Fernando salientou, ademais, que partindo dunha influencia inicial debida á Orde Cisterciense o culto Mariano reforzouse dentro do xacobeo, por acción intensa dos franciscanos e quizais por tal circunstancia e o seu carácter

18 Gaíferos Mormaltán, nome literario de Guillermo X, Duque de Aquitania e Conde de Poitou, curioso señor feudal moi típico da súa época, peregrinou ao sepulcro do Apóstolo Santiago en abril de 1137 e, unha vez cumpridas as súas devocións, faleceu ante o altar maior da Catedral, circunstancia que produciu unha fonda impresión xa que, ademais, tal falecemento acaeceu o día 9 do referido mes que era Venres Santo. Tal circunstancia mereceu que tan triste suceso pasase á memoria popular en forma dun romance, en lingua galega, o de D. Gaíferos de Mormaltán, en cuxos versos hai expresións tan fermosas como as que transcribimos:

Gracias meu Señor Santiago,
 aos vosos pes me tes xa,
 se queres tirarme a vida,
 pódésma Señor tirar,
 xa que morrerei contento
 nesta santa Catedral.
 Y o vello das barbas brancas,
 Caiu tendido no chan,
 Pechou os seus ollos verdes,
 Verdes como auga do mar,
 e o Bispo que esto viu
 ali o mandou enterrar...

protector dos peregrinos *sensu stricto* e dos viaxeiros *sensu lato* (Virxe Peregrina ou Virxe do Refuxio, chamábanlle), esta advocación pasou a ser patroa das Misións fundadas pola Orde Franciscana en México e California.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Carro Otero, José (2015): “La fuente y la capilla «do Santiaguíño» en el Pico Sacro”, *Compostela* 57, 20-27.
- Filgueira Valverde, Xosé (1932): *Guía de Santiago de Compostela*. Madrid: Patronato Nacional de Turismo.
- (1943): *Azabaches compostelanos*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- (1948a): *El libro de Santiago*. Madrid: Editora nacional.
- (1948b): *1ª exposición la imprenta Compostelana. Libros y folletos hasta 1868: Libros de la vieja Compostela*. Santiago de Compostela: [s.n.].
- (1949): *Grabados compostelanos. Iconografía del Apóstol; grabadores santiagueses; temas locales*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- (1959): *El tesoro de la catedral compostelana*. Obradoiro IX. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- (1961): “María y los peregrinos de Santiago”, *Compostellanum* 6, 3-4, 633-642.
- (1965): *La Vénera*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- (1969): *El Viaje a Galicia de Urrabieta Vierge*. Obradoiro XI. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- (1970): *Historias de Compostela*. Biblioteca de Galicia XII. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- (1985): “La littérature sur le chemin du pèlerinage de Saint-Jacques de Compostelle, poésie et théâtre”, en *Santiago de Compostela: 1000 ans de pèlerinage européen (1985) / [exposition] organisée dans le cadre d'Europaia 85 España avec le Concours du crédit Communal, de Belgique*. [Belgique]: Credit Communal, 183-194.
- (1993): *Compostela, camino y estela*. [s.l.]: Intercar.
- (1996): *Arredor do libro. Artigos de bibliofilia*. Bibliofilia de Galicia 10. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.